



Concello de Boiro

EXPEDIENTE 1601/2020

RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: MEDIDAS DE PREVENCION DE CONTAXIO POR COVID-19

O Concello Boiro acordou tomar unha serie de medidas preventivas para as instalacións e actividades que se realizan en dependencias municipais e/ou que dependen do Concello. Estas medidas terán entrada en vigor a partir do día de hoxe, 3 de decembro de 2020, e estarán vixentes ata nova orde e a expensas da evolución do número de contaxios, por mor da declaración de nivel 3 e de especial vixilancia por parte das autoridades sanitarias.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Quedan canceladas temporalmente as seguintes actividades que se realizan en inmobles de titularidade municipal:

a) Actividades deportivas de interior e exterior. Pistas deportivas e instalacións deportivas. Permítese unicamente a celebración de adestramentos e partidos da plantilla senior do clube " ROTOGAL BOIRO VOLEIBOL" nas instalacións do Pavillón Deportivo da Cachada debido o control que exerce a súa competición sobre estes deportistas. Os partidos e adestramentos teranse que celebrar sen público e só co persoal necesario para a celebración dos mesmos.

b) Actividades culturais e lúdicas.

c) Xuntanzas de entidades, asociación e grupos individuais.

d) Clases de ensino e aprendizaxe de costura, pintura, música ou outras de análoga natureza nas que interveña un grupo de xente e se celebren en inmobles de titularidade municipal.

SEGUNDO.- As cafeterías dos centros sociais deberán extremar as precaucións de limpeza-desinfección e distanciamento dos usuarios/as.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 63DRNHLH5NP45374233NQY2QL | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Boiro

TERCEIRO.- Os vendedores e vendedoras da praza de abastos de Boiro (mercado municipal) deberán extremar as precaucións de distanciamento e limpeza-desinfección e recomendar á clientela a non sedentarización diante dos postos.

CUARTO.- As bibliotecas municipais (A Cachada e Escarabote) permanecerán abertas exclusivamente para préstamo e devolución de libros. Non se permitirá a estancia e aglomeración de persoas nestas instalacións.

QUINTO.- Procédese o peche do tódolos parques infantís no ámbito territorial municipal.

SEXTO.- As medidas sinaladas quedan condicionadas a calquera variación que determinen as autoridades sanitarias autonómicas ou estatais.

Boiro, na data que se indica na marxe, na sinatura dixital.

José Ramón Romero García, alcalde do Concello de Boiro.

María del Carmen Santiago Hermo, secretaria accidental, que da fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 63DRNHLHSP45374233NQYZQL | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2